



ORA DO PÚBLICO

PREGUNTAS E RESPOSTAS SOBRE
A **MUNICIPALIZACIÓN DA**
ORA E DO GUINDASTRE

15 DE MARZO

COMPOSTELA
ABERTA

www.compostelaaberta.org

POR QUE MUNICIPALIZAR A ORA?

O 15 de marzo o Pleno do Concello debaterá se a empresa municipal TUSSA asume a xestión directa da ORA e do guindastre de Santiago, un servizo que ata agora estaba concesionado pola empresa privada Setex Aparki. Neste momento decisivo deste proceso longo e cheo de obstáculos, **dende Compostela Aberta propomos recuperar este servizo para o público.**

Se conseguimos a municipalización, o Concello poderá deseñar dende TUSSA (unha empresa 100% municipal) **políticas de mobilidade** que integren de forma global a zona azul, a zona verde, as novas liñas de bus e os aparcamentos municipais de Xoán XXIII, Belvís, Salgueiriños, Santa Marta ou o futuro de Conxo e outro barrios. Conseguindo unha **movilidade máis centrada no interese da veciñanza que nos beneficios dunha empresa privada.**

IMOS PAGAR MÁIS POLA ORA?

Non, **o servizo manterá as mesmas tarifas.** E pasado un tempo teremos marxe de manobra para facer bonificacións, por exemplo a quen teña o seu vehículo inscrito en Santiago ou mellorando as condicións de quen vive no rural ou nos barrios periféricos.

VAI AUMENTAR A ZONA AZUL DE PAGO?

Alguns xornais e grupos da oposición din que o goberno de Compostela Aberta quere aumentar a zona azul. É falso, pero ademais **tería que haber acordo entre unha maioría dos partidos** que están no consello de TUSSA (CA, PP, PSOE e BNG).

PODEMOS TER ORA GRATUÍTA?

Non imos facer demagogia. Queremos mellorar as políticas de mobilidade e aparcamento pero conseguir a gratuidade non é sinxelo. **As cidades semellantes a Santiago teñen sistemas de pagamento e non gratuítos.** Os exemplos que pon o BNG como Pontevedra ou Lugo teñen menos poboación vinculada, menos vehículos circulando, moitos menos estudantes e motísimos menos turistas.

Aínda así, o goberno de Compostela Aberta comprometeuse a estudar a viabilidade dalgunha proba piloto de gratuidade e bonificacións e así o faremos.





CAL É A POSICIÓN DO PP?

O PP amosouse sempre partidario de deixar a xestión deste servizo en **mans privadas** e non recuperalo para o común.

CAL É A POSICIÓN DO PSOE?

O PSOE de Santiago mantivo ata agora un **dobre discurso**: nas declaracións públicas di estar a favor de municipalizar pero en decembro de 2016 abstívose no Pleno da aprobación inicial. Iso si, a abstención é un avance se temos en conta que no consello de administración de TUSSA sempre apoiou ao PP para votar contra a municipalización.


CAL É A POSICIÓN DO BNG?

O BNG si **votou inicialmente a favor da municipalización** pero despois diso presentou varias alegacións amparándose en supostos incumprimentos da Lei Montoro, a mesma que di combater. Ademais do BNG, tamén presentaron alegacións o propio PSOE e máis a empresa Setex Aparki, todas elas contrarias á municipalización aprobada inicialmente.

EN QUE SITUACIÓN ESTÁ O PERSOAL DA ORA E DO GUINDASTRE?

O persoal está actualmente contratado pola empresa concesionaria. Se se aproba a municipalización, as que queiran **pasarían a ser traballadoras da empresa municipal TUSSA**. Unha vez que se extingan os seus contratos (por xubilacións ou outros motivos), eses postos sairán a concurso público.

Se agora non se aproba a municipalización, o Concello tería que suprimir o servizo case con total seguridade, coas consecuencias que isto implicaría para as 40 familias.



#ORADOPÚBLICO: UN CAMIÑO CHEO DE OBSTÁCULOS

- Febreiro 2011:** o goberno de X. A. Bugallo (PSOE-BNG) inicia licitación da ORA e guindastre
- Xaneiro 2012:** o goberno de Conde Roa (PP), adxudica o contrato a Setex Apariki. A segunda clasificada, a empresa DOAL (filial do Grupo Vendex), recorre nos xulgados.
- Setembro 2015:** o TSXG anula a adxudicación por incumprimento do prego de condicións.
- Outubro 2015:** o goberno de Martiño Noriega (CA) acorda estudar a conveniencia de municipalizar o servizo ou convocar un novo concurso.
- Maio 2016:** o Goberno local solicita a TUSSA que estude a viabilidade de xestionar a ORA e guindastre, avalado polos informes económicos e xurídicos. Modifícase o seu obxecto social para prestar o servizo.
- Setembro 2016:** TUSSA aproba a viabilidade da xestión directa co apoio de Compostela Aberta e BNG e voto en contra de PP e PSOE.
- Decembro 2016:** o Pleno do Concello vota a favor de que TUSSA asuma o servizo, co voto a favor de CA e BNG e contrario de PP e PSOE. Constitúese comisión para elaborar proposta de municipalización.
- Marzo 2017:** o goberno de M. Rajoy aproba uns orzamentos do Estado que inclúen disposicións para dificultar as remunicipalizacións para protexer o interese privado.
- Abril 2017:** a comisión remata os seus traballos e acorda levar a pleno a proposta para que TUSSA xestione o servizo de ORA e guindastre.
- Maio 2017:** un recurso xudicial abre a posibilidade de que sexa DOAL quen asuma o servizo. O Pleno aproba inicialmente a xestión directa co voto a favor de CA e BNG, abstención do PSOE e voto en contra do PP. O acordo establece esperar á resolución do procedemento xudicial para tomar decisión definitiva.
- Xuño 2017:** constitúese a mesa de contratación para executar a sentenza, o que se ve dificultado porque a documentación presentada por DOAL está nun xulgado de Lugo como parte da Operación Pokémon. PSOE, BNG e a propia Setex presentan alegacións contra a municipalización.
- Decembro 2017:** despois de meses de traballo, a mesa de contratación confirma que DOAL non ten interese en prestar o servizo e simplemente parece buscar unha indemnización. Tras comunicación ao xulgado, retómase o proceso de municipalización.
- Febreiro-Marzo 2018:** resólvense as alegacións e o goberno municipal comunica a súa intención de levar a pleno a aprobación final da municipalización.



@CompostelaAberta



@Compostelaberta



t.me/EspallaCA